

Proxectos Fin de Carreira

Martín Barrasa Rioja

Descrición dos materiais producidos

Dentro da e-aula de Proxectos Fin de Carreira (no sucesivo *PFC*) produciuse o seguinte material:

- Programa da e-aula
- Aspectos formais dos PFCs:
 - o Regulamento e normativa da E.P.S. no tocante a PFCs
 - o Instrucións para a entrega de PFCs en soporte dixital
 - o Datás de entrega
 - o Normativa referente as propostas de PFCs
 - o Listas de chequeo
- Guía de Software
 - o AnePRO: Programa Informático para Análisis Económico de PROyectos
- Guía de catálogos
 - o Catálogo de aparellos de electrotecnia
- Guía de webs agroforestais
 - o Colexios Profesionais
 - o Páxinas relacionadas coa presupostación
 - o Páxinas con catálogos de construción
 - o Páxinas con normativa de interese
- Foro: 109 aportacións a data de hoxe entre preguntas e respostas

Fora de WebCT, pero incluído neste Proxecto de Innovación Educativa, producíronse:

- Tríptico informativo e divulgativo da e-aula, incluíndo obxectivos, contidos, procedemento de inscrición...

Apoio on-line á realización de Proxectos Fin de Carreira

A e-aula é unha iniciativa que precisa da túa implicación: apúntate e dínos qué axuda precisas para a realización do teu PFC.

¡Axudarémosche!

Xestor da e-aula de apoio a Proxectos Fin de Carreira: Rubén Regueira Gay
 Teléfono: 982 28 59 00 ext. 23030
 Correo: regueira@lugo.usc.es

Bernardino Pardo Ouro S/N 27071 Lugo

Escola Politécnica Superior—U.S.C.

Escola Politécnica Superior—U.S.C.

Apoio on-line á realización de Proxectos Fin de Carreira

A E.P.S. ofrécete a posibilidade de plantexar as dúbidas que che xardan, así como recibir un apoio á hora de facelo teu P.F.C., sen ter que desplazarte á Escola: poderás facelo desde a casa ó través de Internet...

ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR

Tel. 982 285900 ext. 23030

Apoio on-line á realización de Proxectos Fin de Carreira

A E.P.S., coñecedora da dificultade que supón afrontar por vez primeira a realización dun PFC; do dispensa que está a información necesaria e das dificultades que moitos tendes para vos achegar á Escola, ven ofrecendo desde fai uns meses de xeito experimental ós alumnos de E.T.A. Explotacións Agropecuarias que estean a realiza-lo seu Proxecto Fin de Carreira a posibilidade de recibir un apoio ó través de Internet na realización do mesmo

¿Qué me ofrece a e-aula?

A e-aula ofrécete:

- Información descargable: catálogos, normativa, documentos-tipo de PFCs
- A posibilidade de plantexar as túas dúbidas ós profesores e que estes cheas contesten
- Enlaces á WEBS agroforestais de interese para a realización do teu PFC
- A posibilidade de intercambiar información con compañeiros teus nas mesmas circunstancias

¿Qué preciso para dar-me de alta?

- Conexión a Internet
- Ter presentado ou estar a piques de presentar a proposta do Proxecto fin de Carreira.
- Ser alumno de E.T.A. esp. en Explotacións Agropecuarias.
- Estar rexistrado na USC-Virtual

¿Como me dou de alta?

Tes dúas formas:

- Remitindo un correo electrónico ó xestor da e-aula no que expreses o teu desexo e indiques os teus datos persoais (non esqueza-lo teléfono).
- Cumprimentando o presente folleto e entregándoo na Secretaría da EPS

A USC-Virtual

Como probablemente xa saberás, a USC-Virtual é unha ferramenta da WEB da USC ó través da cal os profesores e os alumnos poden poñerse en contacto empregando Internet.

Para que te poidamos dar de alta na e-aula de apoio a PFCs é preciso que estes rexistrado na USC-Virtual. Podes facelo desde www.usc.es, só precisas o PIN do camé universitario. Se tes dúbidas de cómo rexistrarte, podes mandarlle un correo ó xestor da e-aula ou preguntalo no despacho das aulas de informática da EPS.

Formulario de inscrición

Nome e apelidos _____

Enderezo _____

Teléfono _____

Dirección de correo electrónico _____

Título do teu PFC _____

E. T. A. esp. Explotacións Agropecuarias
Tributación _____

Sinatura

Escola Politécnica Superior—U.S.C.

Bernardino Pardo Ouro S/N 27071 Lugo
 Xestor da e-aula de apoio a Proxectos Fin de Carreira: Rubén Regueira Gay
 Teléfono: 982 28 59 00 ext. 23030
 Correo: regueira@lugo.usc.es

- Lista de chequeo de PFCs. A xeito de cuestionario de autoavaliación, serve ós alumnos para chequear se realizaron debidamente diversos apartados do PFC

E - Presupuesto

1- Cite las herramientas presupuestarias que ha utilizado:

Programas informáticos:	Bases de datos:

2- Indique el número de:

GRUPOS INVERSIÓN	COMPONENTES INVERSIÓN	CAPÍTULOS EJECUCIÓN	UNIDADES DE OBRA

3- La sistematización presupuestaria empleada le parece correcta. Sí No

4- Cite los principales componentes de su P.E.M. y calcule sus "costes unitarios":

Componente	Coste unitario	Ud.
		€ /
		€ /
		€ /
		€ /

5- Existen cuadros de precios básicos. Sí No

6- Que formato morfológico ha utilizado para presentar el presupuesto

Formato clásico

Formato derivado de L.C.

7- Se ajusta al contenido exigible. Sí No

8- Las mediciones

están justificadas Sí No

están detalladas Sí No

pueden realizarse mediante observación directa en los planos Sí No

9- He imputado C.I.E. Sí No

10- Los C.I.E. están justificados Sí No

11- Los costes de seguridad y salud están presupuestados Sí No

12- El precio básico de la mano de obra está ajustado a los convenios vigentes Sí No

13- He firmado el presupuesto correctamente Sí No

14- Existe un índice peginado Sí No

F - Seguridad y Salud

1- He leído el R.D. 1627/97 Sí No

2- He formulado un E.B.S.S. E.S.S. No

3- Es justificada la necesidad de redactar uno u otro Sí No

4- Cuál es el número promedio diario de obreros en obra

5- Cuál es el P.E.M. debido a la mano de obra

6- Cuál es el plazo de ejecución del Proyecto días

7- Cuál es el Volumen Estimado de Mano de Obra

8- Se adjunta documentación gráfica relacionada con la S. y S. Sí No

9- El Proyecto está descompuesto en fases o etapas de ejecución para analizar los riesgos Sí No

Lista de chequeo PFC E.T.A. Explicaciones Aprobatorias Página 7

- Base de datos de usuarios de alumnos que están a realiza-lo PFC. Empleando os datos dos alumnos que teñen presentada proposta e aprobada de PFC elaborouse unha pequena BBDD en formato Microsoft Access que permite ter un seguemento de: alumnos que presentan proposta de PFC, alumnos que se examinan de PFC, alumnos que se dan de alta na e-Aula, alumnos que superan o exame de PFC, etc. Ésto permite levar un seguimento polo miúdo do grado de implementación do presente PIE entre o alumnado da EPS.

Usuarios

Base de Datos de Usuarios da e-aula de PFC

Número de Usuario

Titulacións

DNI

Apellidos

Nome

Email

Enderezo completo

Tlfo

Tema

Comentario

Data de Alta

Data de Baixa

Registro: de 89

- Enquisas de grado de satisfacción da e-aula.

5.- U.S.C. Virtual. e-Aula de apoio a la realización de P.F.C

ha hecho uso de ella Sí No

ha publicado o respondido preguntas en ella Sí No

ha descargado información de ella..... Sí No

si ha hecho uso de ella, valore del 1 (mínimo) al 10 (máximo) su utilidad _____

si no ha hecho uso de ella, ha sido

- porque no dispone de Internet en casa
- porque no la considera de utilidad
- porque no sabía de su existencia
- otro motivo (indique cual) _____

qué contenidos le gustaría ver colgados en la e-aula _____

Nestes intres estase a realiza-lo tratamento estatístico das respostas aportadas.

Descrición das tarefas realizadas por cada membro

- Martín Barrasa Rioja – Profesor de Proxectos e Coordinador do PIE
 - Coordinación dos contidos en particular e da e-aula en xeral
 - Aportacións no foro
 - Aportación de contidos para colgar: enlaces a webs, aspectos formais, guía de software, etc.
- Rubén Regueira Gay – Alumno de Terceiro Ciclo e Xestor da e-Aula
 - Xestión administrativa da e-aula e da BBDD
 - Enlace entre alumnado e profesorado
 - Xestión informática do PIE
 - Aportacións no foro
 - Aportacións na lista de chequeo
- Elizabeth Gestoso Mañasco – Técnico Informático
 - Asesoramento técnico en cuestións informáticas
- Xoan Carlos Carreira Pérez – Profesor de Aloxamentos Gandeiros e Director da E.P.S.
 - En calidade de director da E.P.S., dinamizador da e-aula.
 - Aportacións no foro
 - Aportacións na lista de chequeo
- Dolores Fernández Rodríguez – Profesor de Electrotécnica
 - Aportacións de contidos
 - Aportacións no foro
 - Aportacións na lista de chequeo
- Juan Ortiz Sáenz – Profesor de Construcción
 - Aportación de contidos
 - Aportacións no foro
 - Aportacións na lista de chequeo
- César Resch Zafra – Profesor de Proceso Productivo
 - Aportación de contidos
 - Aportacións no foro
 - Aportación na lista de chequeo
- Adolfo López Fabal – Profesor de Climatoloxía
 - Aportacións no foro

Grao de cumprimento dos obxectivos do proxecto

- Servir de enlace entre os profesores da EPS e os alumnos que realizan PFC, 100%
Obxectivo acadado plenamente.
- Poñer en contacto entre sí a alumnos que estean a realizar PFCs semellantes, 100%
Obxectivo acadado plenamente.
- Facilita-ala laboura titorial presencial dos docentes, 25%
Observouse que as titorías da e-aula han de ser necesariamente complementarias ás titorias presencias, e non substitutivas de estas.
- Artella-lo traballo interdisciplinar dos profesorado en materia de PFCs, 100%
Obxectivo totalmente acadado. A colaboración interdisciplinar docente conqueuriu o seu máximo expoñente na realización dunha lista de chequeo que abrangue tódalas áreas de coñecemento dun PFC.
- Contribuír a aumenta-la calidade dos PFCs presentados, 25%
A calidade dos PFC avaliados polo de agora non é significativamente superior á de convocatorias anteriores. Neste eido, a influencia deste PIE é previsible que sexa palapable a longo prazo.
- Mellora-lo material de consulta, 75%
Indudablemente, a e-aula mellorou o material de consulta dispoñible para o alumnado, pero non no grado plantexado polos obxectivos iniciais (tal vez ambicioso de máis) e quedan aínda obxectivos propostos por cumprir (elaboración dun *FAQ*, colgar documentos tipo)...

Grao de cumprimento do plan de traballo

O plan de traballo cumpliuse plenamente, nun 100%.

Valoración da experiencia

A experiencia pode valorarse globalmente como MOI POSITIVA. Se ben o grado de implantación desta ferramenta entre o alumnado da E.P.S. non é a día de hoxe todo o profundo que os seus impulsores pretendían, o certo é que dito grado aumenta paseniñamente día día, e tense observado que non se trata de unha falta de implantación, senón que esta estase a producir dun xeito moito máis lento do agardado inicialmente.

Realizáronse unhas enquisas entre o alumnado que se presentou ó exame de PFCs de xuño de 2005, e observouse que unha alta porcentaxe de alumnos que non empregaron a e-aula non dispoñen de conexión a internet na casa. Isto, unido a que gran parte do alumnado a EPS pertence á poboación rural explican en grande medida a lentitude da implantación desta experiencia.

De tódolos xeitos, coidamos que a participación do alumnado no foro, aínda non sendo todo o ampla que os docentes desexaríamos, comenza a ser satisfactoria –sobre todo se se compara coa participación do alumnado nos foros de e-aulas de materias “tradicionalis”-, observándose xa certo grado de *feedback* e sinerxia, sendo nalgúns casos uns alumnos os que respostan e apoian os compañeiros.

Este primeiro curso serviu para reaxustar as expectativas iniciais, comprobar a resposta da comunidade universitaria ó proxecto, e reaxustar obsectivos. Observouse unha demanda da e-aula en alumnos de outras titulacións, polo que consideramos moi positivo ampliar este PIE a outras titulacións da EPS.